- Sensibilizarse ao respecto da necesidade de acoutar funcións e tarefas do persoal profesional que intervén na educación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior desde o inicio, co chamamento, até o remate das probas, agás expresa indicación notificada previamente do profesorado responsable.

O profesorado do módulo profesional cualificará a primeira parte da proba de cero a dez puntos.

Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

As persoas que non superasen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.

Na segunda proba, no caso de que conste de varios supostos, indícarase a ponderación de cada un deles sobre a nota final da segunda parte da proba.

É preciso acadar a metade da puntuación posible en cada un dos supostos para obter un resultado positivo na segunda parte da proba, é dicir, para facer media entre os supostos.

O profesorado do módulo profesional cualificará a segunda parte da proba de cero a dez puntos.

Para a súa superación da segunda proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Finalizada a segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

A cualificación final será numérica entre un e dez, sen decimais, e corresponderá coa media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros redondeada á unidade máis próxima.

No caso de que a comisión de avaliación exclúa de calquera parte das probas a algunha das persoas aspirantes, por levar a cabo calquera actuación de tipo fraudulento, contra a normal convivencia no centro, ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas, esa parte da proba será cualificada cun cero.

Unha vez iniciada as probas escritas as persoas candidatas agardarán dez minutos antes de poder abandonar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá na resolución por escrito dunha proba escrita que versará arredor dunha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A proba poderá conter preguntas de DESENVOLVEMENTO, preguntas CURTAS e tamén preguntas tipo TEST (para completar, de recoñecemento, de dobre alternativa, de múltiples alternativas, de selección, de ordenamento, de identificación...).

Na mesma proba aparecerá indicado, se procece, ao estar conformada por preguntas tipo test, o número de erros que motivará un desconto sobre as respostas correctas, e o valor numérico de cada unha das

preguntas.

É preciso dispoñer de bolígrafo azul ou negro.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

É preciso dispoñer de bolígrafo azul ou negro.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	de Chapela	Redondela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC02	Integración social	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0017	Habilidades sociais	2023/2024	0	123	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	NOELA ZELTIA MARCOS MONTENEGRO,CAROLINA POSADA GONZÁLEZ (Subst.)
Outro profesorado	CAROLINA POSADA GONZÁLEZ

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Pon en práctica estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu contorno en relación cos principios da intelixencia emocional e social.
RA2 - Dinamiza o traballo do grupo aplicando as técnicas adecuadas, e xustifica a súa selección en función das características, a situación e os obxectivos do grupo.
RA3 - Conduce reunións e analiza os xeitos ou estilos de intervención e de organización en función das características das persoas destinatarias e do contexto.
RA4 - Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas seleccionadas entre os modelos analizados en función das características do contexto.
RA5 - Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense os principios da intelixencia emocional e social.
CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais no desempeño do labor profesional.
CA1.3 Caracterizáronse as etapas dun proceso comunicativo.
CA1.4 Identificáronse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.
CA1.5 Valorouse a importancia do uso da comunicación verbal e non verbal nas relacións interpersoais.
CA1.6 Estableceuse unha eficaz comunicación para asignar tarefas, recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.
CA1.7 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación e atendendo á diversidade cultural.

Crterios de avaliación do currículo

CA1.8 Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos persoais diferenciadores: emocións, sentimentos e personalidade.

CA1.9 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e cara á aprendizaxe a partir de todo o que sucede.

CA1.10 Valorouse a importancia da autocrítica e da autoavaliación no desenvolvemento de habilidades de relación interpersonal e de comunicación axeitadas.

CA2.1 Descríronse os elementos fundamentais dun grupo, a súa estrutura, a súa dinámica e os factores que os poidan modificar.

CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.

CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.

CA2.4 Diferenciáronse os papeis que se poden dar nun grupo e as relacións entre eles.

CA2.5 Identificáronse as principais barreiras da comunicación grupal.

CA2.6 Formuláronse estratexias de actuación para aproveitar a función de liderado e os papeis na estrutura e no funcionamento do grupo.

CA2.7 Definiuse o reparto de tarefas como procedemento para o traballo en grupo.

CA2.8 Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.

CA2.9 Logrouse un ambiente de traballo relaxado e cooperativo.

CA2.10 Respectáronse as opinións diferentes da propia e os acordos de grupo.

CA3.1 Descríronse os tipos de reunión e as funcións.

CA3.2 Descríronse as etapas do desenvolvemento dunha reunión.

CA3.3 Aplicáronse as técnicas de moderación de reunións e xustificouse a súa aplicación.

CA3.4 Demostrouse a importancia da capacidade de expor ideas de xeito claro e conciso.

CA3.5 Descríronse os factores de risco e a posibilidade de sabotaxe dunha reunión, e xustificáronse as estratexias de resolución.

Crterios de avaliación do currículo

CA3.6 Valorouse a necesidade dunha información boa e diversa na convocatoria de reunións.

CA3.7 Describiuse a importancia da motivación e das estratexias empregadas, para conseguir a participación nas reunións.

CA3.8 Aplicáronse técnicas de recollida de información e de avaliación dos resultados dunha reunión.

CA3.9 Demostráronse actitudes de respecto e tolerancia na condución de reunións.

CA4.1 Analizáronse e identificáronse as principais fontes de problemas e de conflitos grupais.

CA4.2 Describíronse as principais técnicas e estratexias para a xestión de conflitos.

CA4.3 Identificáronse e describíronse as estratexias máis axeitadas para a procura de solucións e a resolución de problemas.

CA4.4 Describíronse as fases do proceso de toma de decisións.

CA4.5 Resolvéronse problemas e conflitos aplicando os procedementos adecuados a cada caso.

CA4.6 Respectáronse as opinións das demais persoas respecto ás vías de solución de problemas e conflitos.

CA4.7 Aplicáronse correctamente técnicas de mediación e negociación.

CA4.8 Tivéronse en conta as persoas usuarias, independentemente da súa idade e da súa condición física e mental, no proceso de toma de decisións.

CA4.9 Planificouse a tarefa de toma de decisións e a avaliación do proceso.

CA4.10 Valorouse a importancia do intercambio comunicativo na toma de decisións.

CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.

CA5.2 Aplicáronse técnicas sociométricas e de investigación social.

CA5.3 Autoavaliouse a situación persoal e social de partida.

CA5.4 Deseñáronse instrumentos de recollida de información.

Criterios de avaliación do currículo
CA5.5 Rexistráronse os datos en soportes establecidos.
CA5.6 Interpretáronse os datos recollidos.
CA5.7 Identificáronse as situacións que cumpra mellorar.
CA5.8 Marcáronse as pautas de mellora.
CA5.9 Realizouse unha avaliación derradeira do proceso traballado.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Pon en práctica estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu contorno en relación cos principios da intelixencia emocional e social.
RA2 - Dinamiza o traballo do grupo aplicando as técnicas adecuadas, e xustifica a súa selección en función das características, a situación e os obxectivos do grupo.
RA3 - Conduce reunións e analiza os xeitos ou estilos de intervención e de organización en función das características das persoas destinatarias e do contexto.
RA4 - Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas seleccionadas entre os modelos analizados en función das características do contexto.
RA5 - Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense os principios da intelixencia emocional e social.
CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais no desempeño do labor profesional.

Crterios de avaliación do currículo

CA1.3 Caracterizáronse as etapas dun proceso comunicativo.

CA1.4 Identificáronse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.

CA1.5 Valorouse a importancia do uso da comunicación verbal e non verbal nas relacións interpersoais.

CA1.6 Estableceuse unha eficaz comunicación para asignar tarefas, recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.

CA1.7 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación e atendendo á diversidade cultural.

CA1.8 Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos persoais diferenciadores: emocións, sentimentos e personalidade.

CA1.9 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e cara á aprendizaxe a partir de todo o que sucede.

CA1.10 Valorouse a importancia da autocrítica e da autoavaliación no desenvolvemento de habilidades de relación interpersoal e de comunicación axeitadas.

CA2.1 Descríbóronse os elementos fundamentais dun grupo, a súa estrutura, a súa dinámica e os factores que os poidan modificar.

CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.

CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.

CA2.4 Diferenciáronse os papeis que se poden dar nun grupo e as relacións entre eles.

CA2.5 Identificáronse as principais barreiras da comunicación grupal.

CA2.6 Formuláronse estratexias de actuación para aproveitar a función de liderado e os papeis na estrutura e no funcionamento do grupo.

CA2.7 Definiuse o reparto de tarefas como procedemento para o traballo en grupo.

CA2.8 Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.

CA2.9 Logrouse un ambiente de traballo relaxado e cooperativo.

CA2.10 Respectáronse as opinións diferentes da propia e os acordos de grupo.

Crterios de avaliación do currículo
CA3.1 Descríronse os tipos de reunión e as funcións.
CA3.2 Descríronse as etapas do desenvolvemento dunha reunión.
CA3.3 Aplícanse as técnicas de moderación de reunións e xustificouse a súa aplicación.
CA3.4 Demostrouse a importancia da capacidade de expor ideas de xeito claro e conciso.
CA3.5 Descríronse os factores de risco e a posibilidade de sabotaxe dunha reunión, e xustificáronse as estratexias de resolución.
CA3.6 Valorouse a necesidade dunha información boa e diversa na convocatoria de reunións.
CA3.7 Descríuse a importancia da motivación e das estratexias empregadas, para conseguir a participación nas reunións.
CA3.8 Aplícanse técnicas de recollida de información e de avaliación dos resultados dunha reunión.
CA3.9 Demostráronse actitudes de respecto e tolerancia na condución de reunións.
CA4.1 Analizáronse e identificáronse as principais fontes de problemas e de conflitos grupais.
CA4.2 Descríronse as principais técnicas e estratexias para a xestión de conflitos.
CA4.3 Identificáronse e describíronse as estratexias máis axeitadas para a procura de solucións e a resolución de problemas.
CA4.4 Descríronse as fases do proceso de toma de decisións.
CA4.5 Resolvéronse problemas e conflitos aplicando os procedementos adecuados a cada caso.
CA4.6 Respectáronse as opinións das demais persoas respecto ás vías de solución de problemas e conflitos.
CA4.7 Aplícanse correctamente técnicas de mediación e negociación.
CA4.8 Tivéronse en conta as persoas usuarias, independentemente da súa idade e da súa condición física e mental, no proceso de toma de decisións.
CA4.9 Planificouse a tarefa de toma de decisións e a avaliación do proceso.

Criterios de avaliación do currículo

CA4.10 Valorouse a importancia do intercambio comunicativo na toma de decisións.

CA5.1 Selecciónáronse os indicadores de avaliación.

CA5.2 Aplicáronse técnicas sociométricas e de investigación social.

CA5.3 Autoavaliouse a situación persoal e social de partida.

CA5.4 Deseñáronse instrumentos de recollida de información.

CA5.5 Rexistráronse os datos en soportes establecidos.

CA5.6 Interpretáronse os datos recollidos.

CA5.7 Identificáronse as situacións que cumpra mellorar.

CA5.8 Marcáronse as pautas de mellora.

CA5.9 Realizouse unha avaliación derradeira do proceso traballado.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para superar o módulo veñen determinados pola consecución dos resultados de aprendizaxe en base aos criterios de avaliación.

Criterios de cualificación:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba pola persoa aspirante:

a) Primeira parte. Terá carácter eliminatorio. Os criterios de puntuación de cada unha das preguntas serán os especificados no propio exame. A profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

b) Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio. Os criterios de puntuación de cada exercicio serán os especificados no propio exame. A profesora do módulo cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

As persoas que compoñen a comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba do módulo ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento e/ou incumpran as normas de prevención, protección e/ou seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, a profesora do módulo profesional cualificará esta parte da proba do módulo cun cero.

A expresión da cualificación final obtida por cada aspirante será numérica, entre un e dez, sen decimais. A cualificación final correspondente da proba do módulo será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita con carácter eliminatorio que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta proba escrita poderá contemplar preguntas tipo test, preguntas curtas e/ou preguntas de desenvolvemento. Os criterios de puntuación de cada pregunta serán os especificados no propio exame.

As persoas candidatas identificaranse, no momento do chamamento, co seu DNI ou equivalente.

Será preciso facer a proba con bolígrafo azul ou negro. Non se admitirá a consulta de material que non sexa facilitado pola profesora nin o uso de aparellos electrónicos ou de comunicación co exterior desde o inicio ata o remate da proba. Con carácter xeral, non se poderá falar durante a realización da proba; se se require algunha aclaración, levantarase a man e o volume de voz empregado será baixo. Non se poderá saír ao baño no transcurso da proba, agás autorización expresa por parte da profesora. Poderase dispoñer dunha botella de auga.

4.b) Segunda parte da proba

Poderá incluír un ou varios supostos prácticos escritos que poderán estar formulados baixo a forma de preguntas tipo test, preguntas curtas e/ou preguntas de desenvolvemento. Esta segunda parte ten carácter eliminatorio coma a primeira parte. Haberá que superar as dúas partes para a superación do módulo. As instrucións para a realización da proba e os criterios de puntuación de cada exercicio serán os especificados na propia proba.

As persoas candidatas identificaranse, no momento do chamamento, co seu DNI ou equivalente.

Será preciso facer a proba escrita con bolígrafo azul ou negro. Non se admitirá a consulta de material que non sexa autorizado pola profesora nin o uso de aparellos electrónicos ou de comunicación co exterior desde o inicio ata o remate da proba. Con carácter xeral, non se poderá falar durante a realización da proba no caso da realización de exercicios escritos; se se require algunha aclaración, levantarase a man e o volume de voz empregado será baixo. Non se poderá saír ao baño no transcurso da proba, agás autorización expresa por parte da profesora. Poderase dispoñer dunha botella de auga.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	de Chapela	Redondela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC02	Integración social	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0343	Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación	2023/2024	0	139	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA BELÉN NIETO CASTRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Detecta as necesidades comunicativas da persoa usuaria en relación cos sistemas alternativos e aumentativos de comunicación
RA2 - Organiza a intervención para potenciar a comunicación, interpretando as características da persoa usuaria e do contexto
RA4 - Aplica programas de intervención no ámbito da comunicación empregando lingua de signos sistemas alternativos e aumentativos sen axuda
RA5 - Comproba a eficacia da intervención e detecta os aspectos susceptibles de mellora no ámbito comunicativo

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identificáronse as necesidades comunicativas da persoa usuaria
CA1.2 Identificáronse os recursos que favorecen o proceso de comunicación
CA1.4 Describíronse os aspectos que determinan a elección dun sistema de comunicación ou outro, en función das características motóricas, cognitivas e actitudinais da persoa usuaria
CA1.5 Analizáronse os xeitos de interacción e as condicións máis favorables para que a comunicación se estableza
CA1.6 Identificáronse elementos externos que poidan afectar o correcto uso dos sistemas alternativos e aumentativos de comunicación
CA1.8 Analizáronse as principais informacións e orientacións ofrecidas ao persoal coidador, favorecendo a xeneralización de condutas comunicativas establecidas
CA2.1 Valorouse a importancia da comunicación nas intervencións
CA2.2 Definíronse os obxectivos de acordo coas necesidades da persoa usuaria

Crterios de avaliación do currículo

CA2.3 Avaliouse o contexto comunicativo do ámbito en que se vaia realizar a intervención

CA2.4 Seleccionáronse as estratexias e a metodoloxía comunicativa para as propostas de intervención

CA2.5 Identificáronse procedementos de intervención adecuados

CA2.6 Seleccionáronse os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación de acordo cos obxectivos previstos

CA2.7 Identificáronse as axudas técnicas adecuadas

CA4.1 Descríronse as estruturas básicas dos sistemas alternativos sen axuda e os principais signos utilizados nas situacións habituais de atención social e educativa

CA4.2 Créanse mensaxes en lingua de signos e en sistemas de comunicación sen axuda, facilitando a comunicación e a atención ás persoas usuarias

CA4.3 Aplicáronse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas usuarias

CA4.4 Comprenderonse mensaxes expresadas en lingua de signos e mediante sistemas de comunicación sen axuda

CA4.5 Aplicáronse estratexias comunicativas analizando diversos contextos comunicativos

CA4.6 Analizouse a importancia de aumentar o número de signos e o seu contido atendendo aos intereses e ás necesidades da persoa usuaria

CA4.7 Comprobouse o uso correcto dos sistemas en que cumpra a participación de terceiras persoas

CA5.1 Rexistrouse o nivel de competencia comunicativa nos principais sistemas de comunicación da persoa usuaria

CA5.4 Identificáronse os desaxustes entre a persoa usuaria e o sistema de comunicación establecido

CA5.5 Determinouse o nivel de cumprimento dos obxectivos previstos

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Detecta as necesidades comunicativas da persoa usuaria en relación cos sistemas alternativos e aumentativos de comunicación
RA2 - Organiza a intervención para potenciar a comunicación, interpretando as características da persoa usuaria e do contexto
RA3 - Aplica programas de intervención no ámbito da comunicación empregando sistemas alternativos e aumentativos con axuda
RA4 - Aplica programas de intervención no ámbito da comunicación empregando lingua de signos sistemas alternativos e aumentativos sen axuda
RA5 - Comproba a eficacia da intervención e detecta os aspectos susceptibles de mellora no ámbito comunicativo

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Valorouse a influencia da comunicación no desenvolvemento diario das persoas
CA1.7 Aplicáronse estratexias de fomento da implicación familiar e do seu ámbito social, na intervención con sistemas alternativos e aumentativos de comunicación
CA2.2 Definíronse os obxectivos de acordo coas necesidades da persoa usuaria
CA2.3 Avaliouse o contexto comunicativo do ámbito en que se vaia realizar a intervención
CA2.4 Seleccionáronse as estratexias e a metodoloxía comunicativa para as propostas de intervención
CA2.5 Identificáronse procedementos de intervención adecuados
CA2.6 Seleccionáronse os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación de acordo cos obxectivos previstos
CA2.7 Identificáronse as axudas técnicas adecuadas
CA2.8 Valorouse a importancia de organizar a intervención no ámbito do apoio á comunicación

Crterios de avaliación do currículo
CA3.1 Descríbóronse as características e os usos básicos dos principais sistemas alternativos de comunicación con axuda
CA3.2 Créáronse mensaxes cos sistemas de comunicación con axuda, co que se facilitou a comunicación e a atención á persoa usuaria
CA3.3 Descríbóronse os principais signos utilizados nas situacións habituais de atención social e educativa
CA3.4 Comprendéronse mensaxes expresadas mediante sistemas de comunicación con axuda
CA3.5 Realizáronse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas usuarias
CA3.6 Identificáronse as axudas técnicas que se poderían aplicar en casos prácticos caracterizados, e os requisitos de localización e uso que deberían manterse
CA3.7 Aplicáronse estratexias comunicativas analizando distintos contextos
CA3.8 Analizouse a importancia de incrementar o número de símbolos e pictogramas atendendo aos intereses e ás necesidades da persoa usuaria
CA3.9 Comprobase o uso correcto dos sistemas en que cumpra a participación de terceiras persoas
CA4.2 Créáronse mensaxes en lingua de signos e en sistemas de comunicación sen axuda, facilitando a comunicación e a atención ás persoas usuarias
CA4.3 Aplicáronse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas usuarias
CA4.4 Comprendéronse mensaxes expresadas en lingua de signos e mediante sistemas de comunicación sen axuda
CA4.5 Aplicáronse estratexias comunicativas analizando diversos contextos comunicativos
CA4.7 Comprobase o uso correcto dos sistemas en que cumpra a participación de terceiras persoas
CA5.1 Rexistrouse o nivel de competencia comunicativa nos principais sistemas de comunicación da persoa usuaria
CA5.2 Comprobase o uso correcto dos elementos que compoñen o sistema de comunicación elixido
CA5.3 Rexistráronse elementos alleos aos sistemas de comunicación aplicados e que puideran interferir no desenvolvemento da intervención na comunicación
CA5.4 Identificáronse os desaxustes entre a persoa usuaria e o sistema de comunicación establecido

Criterios de avaliación do currículo

CA5.5 Determinouse o nivel de cumprimento dos obxectivos previstos

CA5.6 Valorouse a importancia de realizar rexistros comunicativos como medio de avaliación da competencia comunicativa da persoa usuaria

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES se corresponden cos Resultados de Aprendizaxe do módulo de SISTEMAS AUMENTATIVOS E ALTERNATIVOS DE COMUNICACIÓN indicados a continuación:

RA1 - Detecta as necesidades comunicativas da persoa usuaria en relación cos sistemas alternativos e aumentativos de comunicación

RA2 - Organiza a intervención para potenciar a comunicación, interpretando as características da persoa usuaria e do contexto

RA3 - Aplica programas de intervención no ámbito da comunicación empregando sistemas alternativos e aumentativos con axuda

RA4 - Aplica programas de intervención no ámbito da comunicación empregando lingua de signos sistemas alternativos e aumentativos sen axuda

RA5 - Comproba a eficacia da intervención e detecta os aspectos susceptibles de mellora no ámbito comunicativo

Os contidos a avaliar serán:

Conceptuais. O alumnado amosará o dominio dos mesmos na 1ª parte da proba que avalía contidos teóricos

Procedimentais. O alumnado amosará o dominio dos procedementos na 2ª parte da proba que avalía contidos prácticos.

Criterios de cualificación:

A cualificación final será o resultado de ter superadas as dúas probas teórico-prácticas tal e como recolle a lexislación. Os criterios de puntuación de cada unha das preguntas serán os especificados no propio exame.

A expresión da cualificación final obtida por cada aspirante en cada un dos módulos profesionais será numérica, entre un e dez, sen decimais.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Decaerán da proba todas aquelas persoas que actúen de xeito fraudulento; considerándose accións como tal:

*Levar unha copia do exame, fisicamente ou reproducida por outros medios (fotografías, copia,...)

*O uso de dispositivos móbiles ou electrónicos non autorizados para a realización da proba

*A utilización de calquera medio non permitido para a obtención dun resultado satisfactorio, tanto se o emprega a propia persoa, como se o intentase ou interviñese na súa realización.

A tales efectos, considéranse como medios permitidos a utilización de dous bolígrafos azuis/negros sen ningún tipo de escrita neles.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Esta primeira parte da proba avaliará os contidos de carácter teórico.

A proba consistirá nunha batería de preguntas tipo test, preguntas curtas, e/ou preguntas de desenvolvemento que recollan a totalidade dos contidos asociados ó módulo. O sistema de puntuación aparecerá enunciado ó inicio do exame.

Para a realización desta primeira parte da proba só se necesitará bolígrafo de tinta azul ou negro.

Terá carácter eliminatorio. Os criterios de puntuación de cada unha das preguntas serán os especificados no propio exame.

O/A mestre/a do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos, tendo que obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Finalizada esta primeira parte da proba, a comisión de avaliación exporá a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro.

4.b) Segunda parte da proba

Nesta segunda parte da proba avaliaranse os contidos procedimentais e serán eminentemente práctica

Esta proba terá carácter eliminatorio. Os criterios de puntuación de cada unha das preguntas serán os especificados no propio exame.

A proba consistirá, no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Este/s supostos prácticos poderán estar propostos baixo a forma de preguntas tipo test, preguntas curtas, e/ou preguntas de desenvolvemento ou un suposto práctico;

Así mesmo tamén poderán utilizarse ou realizarse exercicios prácticos (non escritos), para os cales se empregarán os recursos materiais e o equipamento da aula do módulo de SISTEMAS AUMENTATIVOS E ALTERNATIVOS DE COMUNICACIÓN

O/A mestra/e do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	de Chapela	Redondela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC02	Integración social	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0340	Mediación comunitaria	2023/2024	0	139	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA PARDAVILA ROJO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación
2.1. Primeira parte da proba
2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica intervencións de mediación en relación cos contextos en que se desenvolven
RA2 - Organiza actuacións para a prevención de conflitos, para o que selecciona as estratexias de intervención
RA3 - Realiza actividades que favorecen os procesos de mediación e describiuse o desenvolvemento destes
RA4 - Realiza actividades de avaliación comparando os resultados da intervención cos obxectivos previstos

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Seleccionáronse os obxectivos da intervención partindo das características do contexto
CA1.2 Valorouse a importancia da planificación no proceso de intervención
CA1.5 Identificáronse os/as mediadores/as naturais como axentes posibilitadores de intercambio de comunicación
CA2.1 Interpretáronse os fundamentos dos modelos de intervención
CA2.2 Identificáronse as principais estratexias de intervención na xestión de conflitos
CA2.4 Seguíronse criterios de confidencialidade e respecto no tratamento da información sobre o conflito
CA3.2 Comunicóuselles a situación do lugar de encontro a todas as persoas usuarias potenciais
CA3.3 Empregáronse as técnicas de comunicación para favorecer o diálogo e a relación das partes implicadas

Criterios de avaliación do currículo
CA3.5 Transmitíuselles información ás partes implicadas no proceso de mediación sobre as fases deste, para o seu coñecemento e a súa aceptación
CA4.1 Establecéronse os criterios e os indicadores para levar a cabo a avaliación
CA4.2 Definíronse as estratexias para comprobar os resultados da intervención realizada
CA4.3 Seleccionáronse as técnicas e os instrumentos para avaliar a intervención realizada
CA4.7 Comprobase o nivel de cumprimento dos obxectivos previstos

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica intervencións de mediación en relación cos contextos en que se desenvolven
RA2 - Organiza actuacións para a prevención de conflitos, para o que selecciona as estratexias de intervención
RA3 - Realiza actividades que favorecen os procesos de mediación e describiuse o desenvolvemento destes
RA4 - Realiza actividades de avaliación comparando os resultados da intervención cos obxectivos previstos

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Deseñáronse actividades ou obradoiros favorecedores da comunicación
CA1.4 Deseñáronse actividades de encontro atendendo ás necesidades detectadas nas persoas usuarias potenciais
CA1.6 Creáronse ou revitalizáronse espazos de encontro entre individuos, grupos e entidades cuxas relacións sexan susceptibles de derivar en conflito

Crterios de avaliación do currículo
CA1.7 Valorouse a coherencia da planificación das actividades cos obxectivos previstos na intervención
CA1.8 Detectáronse situacións de violencia de xénero e deriváronse as persoas afectadas aos recursos específicos neste ámbito
CA2.3 Seleccionáronse os modelos e as técnicas que se vaian empregar no proceso de mediación de acordo co coñecemento da situación previa
CA2.5 Planificouse o encontro inicial coas partes potenciando o diálogo e a confianza
CA2.6 Seleccionáronse os espazos atendendo ás características dos participantes
CA2.7 Ofreceuse o servizo de mediación voluntaria como unha opción na xestión de conflitos
CA2.8 Valorouse o contraste de opinións e o intercambio de experiencias de todas as persoas participantes na organización da intervención
CA3.1 Adecuáronse ou modificáronse os espazos adaptándose ás necesidades da intervención
CA3.4 Aplicáronse técnicas para manter un clima de serenidade no proceso de mediación
CA3.6 En caso necesario, deriváronse as partes en conflito a outros servizos da comunidade
CA3.7 Redactáronse os acordos por escrito e facilitáronselles ás partes para a súa posterior confirmación
CA3.8 Amosouse iniciativa ante as situacións xurdidas no desenvolvemento da intervención
CA4.4 Comprobouse sistematicamente que a intervención se estea a realizar correctamente
CA4.5 Comprobouse a funcionalidade e a adecuación dos espazos e dos recursos empregados
CA4.6 Implicáronse as persoas que participaran na intervención na comprobación dos seus resultados
CA4.8 Valorouse a importancia de manter unha actitude permanente de mellora na eficacia e na calidade do servizo

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles a nivel teórico-práctico correspóndense con todos os contidos, os RA e os criterios de avaliación establecidos no currículo.

Criterios de cualificación:

Para superar a avaliación é necesario ter acadado unha puntuación igual ou superior a 5 puntos en cada unha das partes da proba.

De non aprobar a primeira parte, dado o seu carácter eliminatorio, non se poderá realizar a 2º parte, tendo como cualificación final a nota obtida na 1º parte.

En caso de superar ambas partes a cualificación final será a media aritmética de ambas:

1ª parte - proba teórica: 50%

2ª parte - proba práctica: 50%

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Considéranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 sobre unha puntuación máxima de 10.

A cualificación da avaliación é numérica entre 1 e 10, a nota será expresada con números enteiros.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba, pola persoa aspirante, ante o profesor ou a profesora responsable do módulo:

a) Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

Consistirá na realización dunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

4.b) Segunda parte da proba

b) Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

A cualificación final será numérica entre un e dez, sen decimais, e correspondera coa media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros redondeada á unidade máis próxima.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos..

No caso de que a comisión de avaliación exclúa de calquera parte das probas a algún aspirante, por levar a cabo calquera actuación de tipo fraudulento, contra a normal convivencia no centro, ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas, esa parte da proba será cualificado con un cero.